



Outubro 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

Galiza

O viño galego desprotexido pola pasividade da Xunta

En tempos de vendima, o SLG aproveitou para elixir unha nova Dirección Nacional do Viño, amais de emprender varias accións para coutar os abusos que moitas adegas exercen sobre os colleiteiros forzando prezos de miseria para a uva aproveitando a pasividade da Consellería de Política Agroalimentaria. **Páx. 6**

Aldea Global

A CPE non quere a Fischer Boel como Comisaria de Agricultura

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) pediu ao Parlamento que desautorice o nomeamento de Mariann Fischer Boel como Comisaria de Agricultura polos seus intereses privados e por defender o modelo agrario da industria. **Páx. 10**

Muller

Recoñecen os dereitos das labregas grazas ao SLG

O pasado 21 de setembro, publicábase no Boletín Oficial do Estado a Lei Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes. Quedan así reflectidas, por fin, algunhas das reivindicacións que a Secretaría da Muller do SLG transmitiu ao Servizo Galego de Igualdade. **Páx. 12**



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tif. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

Publicación subvencionada por:



Os montes galegos arrasados por mor da nefasta política forestal da Xunta de Galiza

■ O Comité en Defensa do Monte Galego, do que forma parte o SLG, iniciou accións dirixidas a denunciar a insostíbel situación dos montes pola pésima xestión da Xunta.

■ 120.000 lumes forestais e medio millón de hectáreas arrasadas é o balance desta política dende 1998, con case 10.000 incendios nos oitos primeiros meses de 2004. **Páxs. 8, 9 e 16**



O novo titular de Política Agroalimentaria mantivo un primeiro contacto co SLG

Juan Miguel Diz Guedes nunca será lembrado coma un bo Conselleiro de Agricultura. Incapaz de dialogar coas organizacións agrarias, e totalmente inútil á hora de frear a sangría de explotacións que está a sufrir o medio rural galego, a súa dimisión foi

unha boa nova para os labregos e labregas de Galiza. O seu substituto, Xosé Antonio Santiso Miramontes, amosouse nun primeiro contacto disposto a iniciar ese diálogo que todos reivindicaban, pero aínda non deu mostras de principiar. **Páx. 5**



O SLG transmitiulle ao novo Goberno a súa posición contraria á OMC

O Sindicato Labrego Galego realizou un intenso traballo durante o mes de setembro en torno á celebración do Día Mundial contra a OMC, fixado no 10 de setembro por Vía Campesina para conmemorar a morte do compañeiro coreano Lee Kyong en Can-

cún o ano pasado. Entre as accións levadas a cabo destacaron a reunión co Delegado do Goberno en Galiza, Manuel Ameijeiras; e os encontros multilaterais mantidos con diversas organizacións sociais e políticas galegas a instancias do SLG. **Páxs. 2 e 3**

Faleceu o poeta chairego Manuel María aos 74 anos de idade

O mes de setembro comezou cunha triste nova para Galiza: a morte do poeta e compañeiro Manuel María. O seu pasamento aconteceu o día 8, na cidade da Coruña, cando estaba a piques de cumprir os 75 anos, e con el

fóisenos un egrexio activista político e cultural que cantou con orgullo as súas orixes labregas na Terra Chaluense. Dende o SLG quixemos renderlle unha postreira homenaxe nas páxinas deste Fouce. **Páx. 7**



O SLG transmittiulle ao Goberno a súa posición contraria á OMC

Unha comitiva do Sindicato Labrego reuniuse na Coruña co Delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras

O Sindicato Labrego Galego realizou un intenso traballo durante o mes de setembro en torno á celebración do Día Mundial contra a OMC, fixado no 10 de setembro por Vía Campesina para conmemorar a morte do com-

pañeiro coreano Lee Kyong. Entre as accións levadas a cabo destacaron a reunión co Delegado do Goberno en Galiza, Manuel Ameijeiras; e os encontros multilaterais con diversas organizacións sociais e políticas galegas.

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego (SLG) integrada pola súa Secretaria Xeral, Lidia Senra; e os membros da Executiva Xosé Ramón Cendán e Mariano Pazos, reuniuse o 10 de setembro co Delegado do Goberno en Galiza, Manuel Ameijeiras, para transmitirlle ao Goberno Central as reivindicacións sindicais que, a escala global, se realizaron con motivo do 10 de setembro, Día Mundial contra a Organización Mundial do Comercio (OMC), institucionalizado por Vía Campesina.

Ademais, os membros do SLG afondaron con Ameijeiras no tema dos transxénicos, reclamándolle que o Ministerio de Agricultura estudie a posta en marcha de mecanismos para que os labregos e labregas de Galiza que o desexen poidan acceder a pensos sen transxénicos, ou a materias primas para elaboralos -fundamentalmente millo e soia- que estean libre deles.

O Delegado do Goberno en Galiza asegurou que achegaría todas as demandas presentadas ao Ministerio de Agricultura para que as estudie.



Dous intres do encontro mantido entre membros do SLG e o Delegado do Goberno en Galiza

Partidos políticos, sindicatos, asociacións e ONGs unidos en Galiza pola soberanía alimentaria

En canto ao Día Internacional contra a OMC, o Sindicato Labrego Galego promoveu o achegamento de varias organizacións sociais, políticas e sindicais de Galiza para poder artellar medidas concretas en común nesta loita.

Así, o 9 de setembro reuníronse, na Galería Sargadelos, para falar do tema: a Confederación Inter-sindical Galega (CIG), a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega),

a Coordinadora Galega de ONGs, Amarante, o Comité Galego de Apoio ao MST e o Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Outra reunión semellante e con idénticas intencións tivo lugar en Vigo onde, ademais, asistiron representantes de Izquierda Unida (IU), da Federación Galega de Veciños, da Cooperativa de Consumo Árbore, e da coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres viguesa.



A Galería Sargadelos foi o punto de encontro en Compostela

O acordo ao que chegaron todas estas organizacións e o SLG foi o de elaborar un documento de base no que se recolla que é a soberanía alimentaria e que signifi-

caría a súa aplicación en Galiza. O documento servirá de base para difundir o tema da soberanía alimentaria en Galiza, e para propiciar o debate ao redor dela.

Soberanía alimentaria para salvar a millóns de familias labregas das gadoupas da OMC

O Sindicato Labrego Galego vén denunciando dende hai anos as nefastas consecuencias que para a agricultura labrega e a alimentación están tendo as modificacións das políticas

agrarias promovidas como consecuencia dos acordos que se van acadando na OMC. O pasado 10 de setembro, o SLG sumouse ás moitas organizacións que, en todo o mundo, denunciaron a

unha OMC que traballa só para favorecer ás grandes industrias e destruír a agricultura familiar e labrega. A receta reivindicativa tivérona clara todas: a soberanía alimentaria.

Esta análise, que é compartida por moitas organizacións labregas en todo o mundo, levou a valorar a necesidade de xuntar esforzos que propiciaron o nacemento da Vía Campesina como o instrumento necesario e global para tentar impedir que os estados que forman parte da OMC -o español entre eles- sigan avanzando no proceso de desmantelamento das políticas agrarias e alimentarias.

A intención final deste desmantelamento non é outra que a de deixar as decisións nesta materia en mans das corporacións agro-químico-farmacéuticas e das grandes distribuidoras.

Fronte a esta posición dos gobernos, a Vía Campesina defende a Soberanía Alimentaria, que é o dereito dos pobos a decidir as políticas agrarias e alimentarias que precisan para alimen-



10 de setembro de 2003 en Cancún, unha data que será lembrada na loita global contra a OMC

tarse a si mesmos.

Por esta razón, dentro das accións de Vía Campesina para acadar a Soberanía Ali-

mentaria, está a loita para que a OMC saia da agricultura e da alimentación. Neste senso, cómpre

destacar as mobilizacións que Vía Campesina vén organizando con ocasión dos encontros da OMC en cal-

quera punto da terra.

Na última delas, celebrada en Cancún en setembro do 2003, un dirixente labrego coreano, Lee Kyong, sacrificouse acoitelándose cunha navalla suíza -a sede da OMC está no país helvético- e portando un cartaz que dicía "a OMC mata labregos". A partir dese momento, as negociacións quedaron rotas e o encontro da OMC en Cancún foi un rotundo fracaso.

As organizacións que formamos parte da Vía Campesina decidimos, en memoria de Lee, declarar o 10 de setembro como o Día Mundial da Soberanía Alimentaria, polo que mañá, un ano despois de Cancún, en todo o mundo se celebrarán actos pola Soberanía Alimentaria e en contra da OMC. A Vía Campesina fixo público un comunicado para o 10 de setembro que transcribimos a continuación.

Chamada á acción para o 10 de Setembro

¡PARA CONMEMORAR A LEE, QUE SE SACRIFICOU PARA PARAR O TERROR DO "LIBRE" COMERCIO NEOLIBERAL!

En Cancún, a xuntanza ministerial da Organización Mundial do Comercio (OMC) acabou nun fracaso completo, e a institución estivo preto dun derrubamento final. As mobilizacións masivas en Cancún e outras partes do mundo denunciaron os efectos destrutivos da liberalización comercial ante a opinión pública e, aínda que moitos gobernos estaban baixo presión, animáronse a parar o tren da liberalización comercial destrutiva. O sacrificio do labrego coreano Lee o 10 de setembro en Cancún animounos, consolidando e radicalizando a nosa loita. Desexamos conmemorar a Lee pola súa coraxe e ideais, e polo seu compromiso de parar a destrución da agricultura labrega.

Agora, a Unión Europea (UE), os Estados Unidos (EEUU), Brasil e India reclaman a victoria despois das negociacións de xullo en Xenebra, e dá a impresión que "a OMC

estase outra vez encarrilando". Esta "victoria", sen embargo, non é nada máis ca un acto para os medios de comunicación, orquestrado polos principais poderes comerciais para facer que o mundo crea que as cousas mudaron, tendo esta vez ao goberno brasileiro e hindú da súa parte. En realidade, nada mudou: as mesmas políticas destrutivas continúan ameazando a existencia de máis da metade da poboación do mundo que traballa en agricultura.

A UE e os EEUU impuxeron o seu acordo. O goberno brasileiro reclamou o final dos subsidios á exportación como victoria pero, en realidade, non existe ningún com-

promiso concreto nos subsidios directos á exportación. É mais, baixo o acordo actual a axuda indirecta para a exportación pola UE e os EEUU pode aumentar. O goberno brasileiro traizoou os intereses dos seus propios labregos aceptando, entre outras, unha cota adicional de importacións de azucre dos EEUU para a súa agroindustria. O goberno hindú non acadou a protección dos seus máis de 200 cultivos alimentarios. Os gobernos asiáticos seguirán baixo presión de liberalizar máis os seus mercados de arroz.

Polo tanto, este "berro de victoria" é un insulto increíble a Lee e aos labregos e labregas de todo o mun-

do, pois os problemas fundamentais non se tratan. Isto afondará na nosa frustración e resistencia contra estas políticas. A OMC, polo tanto, a pesar do ruído nos medios de comunicación, aínda está en crise, incapaz de resolver os problemas fundamentais da xente por todo o mundo.

Polo tanto, Vía Campesina chama para continuar accións mundiais contra a OMC, os gobernos e corporacións transnacionais que impoñan as súas políticas. Xunto coas organizacións labregas coreanas, chamamos á acción o 10 de setembro para conmemorar a Lee e para demostrar a nosa resistencia continua ás políticas comerciais neoliberais.

**¡A OMC fóra da agricultura, a alimentación e a pesca!
¡A OMC mata aos labregos e labregas! ¡Cara á soberanía alimentaria dos pobos!"**

editorial

Ninguén nega a importancia do cultivo da pataca na comarca da Limia nin o seu papel como motor económico, xerando un volume de negocio directo para os produtores e produtoras superior aos 15 millóns de euros, e no que o volume de negocio inducido pode multiplicarse por catro.

Trátase, pois, dunha actividade que non só contribúe a xerar riqueza na comarca, senón que contribúe de xeito básico a fixar poboación no rural.

Isto, nun país coma o noso, cun proceso de desertización do rural e abandono das explotacións e prácticas agrícolas, cobra unha importancia maior se cabe. A importancia que ten a produción de pataca nunha comarca como a limiá debería de manterse e provocar un relevo xeracional tan necesario no agro.

As crises cíclicas que se están a producir neste sector non obteñen o apoio institucional necesario na Galiza, ao contrario

Solucionar definitivamente as crises da pataca, depende da Administración

doutras zonas produtoras, o cal fai que os pataqueiros galegos se vexan desprotexidos fronte a unha competencia desleal. A incerteza xerada por esta situación en cada campaña está levando a un abandono paulatino da actividade no que o relevo xeracional vén sendo mínimo.

Na última crise da pataca, a Xunta anunciou aos catro ventos un Plan Estratéxico da Pataca para paliar, no posíbel, esa inseguridade, e para que mellorasen as condicións de produción e comercialización. Nembargantes, unha vez máis, as promesas volveron quedar en mera propaganda, deixando aos produtores e produtoras nunha situación de total desamparo.

Deste xeito, quedaron no baúl dos recordos as liñas estratéxicas que se ían acometer, como o

fomento dos contratos tipo plurianuais, a creación dun fondo de compensación, a mellora das infraestruturas, ou a promoción e mellora comercial.

A pataca de consumo non ten organización común de mercado (OCM); polo tanto, non ten ningunha axuda directa á produción. Pero é competencia das Administracións Públicas velar pola situación financeira dos produtores e produtoras e, polo tanto, estes poden percibir axudas sempre e cando non interfiran nas normas sobre a competencia á produción e ao comercio de produtos agrícolas, definidas no artigo 4 do Regulamento (CEE) nº 26 do 4 de abril de 1962.

O Sindicato Labrego Galego leva moito tempo colaborando con outros sindicatos agrarios

do Estado para poder exercer unha presión conxunta e presentar alternativas. As peticións históricas que se veñen solicitando aos distintos ministerios foron a creación dunha OCM para o sector, o fomento dunha interprofesional semellante á francesa, a promoción das relacións contractuais con contratos tipo, a mellora da norma de etiquetado para evitar a fraude, a optimización do seguro de ingresos e a súa ampliación a máis zonas, e incluso anticipar os efectos da reforma da Política Agraria Común (PAC) sobre o cultivo da pataca.

As necesidades do sector e as medidas a facer para paliar as distintas crises están enriba da mesa das distintas administracións. Só fai falla vontade política para levalas a cabo.

Manuel María, na memoria

por Lidia Senra



Coñecín ao Manuel María e á Saleta nos últimos días do verán de 1976, nun acto de presentación da Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG). Acudín convidada polo Félix, un mozo de Sindrán, cando eu andaba matinando, e sen saber moi ben como, en afrontar dúas cuestións que formaban parte da miña realidade: o desprezo polo mundo e pola cultura labrega, nunha época en que ser labrega e falar galego supuñan, no mundo do Monforte "señorito e español falante", que foses alcumada ou alcumado de "paletas ou pale-tos da aldea".

A lectura dos poemas do Manuel e, sobre todo, de aqueles que defendían aos labregos e á nosa lingua, xunto coas moitas horas de conversas mantidas con el e coa Saleta na librería Xistral do Monforte no que me criei e pasei a miña adolescencia e parte da miña xuventude, déronme as claves para que aquela especie de "rebeldía" natural que levaba dentro de min, dende que cheguei ao instituto de Monforte con dez anos e souben o que era tremer co medo de que se me escapase algunha palabra en galego, se fose transformando en compromiso co proxecto que o nacionalismo defendía para a nación galega en xeral, e para o agro en particular, e dentro do cal estaba a autoorganización dos labregos e labregas de Galiza nunha forza sindical propia que defendese os seus intereses.

O Manuel nunca renunciou ás súas orixes labregas. De feito, o día que os medios de comunicación se facían eco da súa morte, Radio Cinco emi-

tiu un poema recitado por el mesmo que falaba de quen era Manuel María, e entre outras cousas dicía "...eu son Manuel María, un labrego con algo de poeta".

O Manuel nunca foi alleo ás reivindicacións dos labregos e labregas. Na súa obra literaria hai moita denuncia das inxustizas e atropelos contra os labregos: expropiacións de terras, encoros, celulosas, represión, etcétera; pero tamén o seu compromiso coa causa labrega era evidente na súa actuación política e de participación nas loitas labregas e no apoio ao noso Sindicato.

Manuel apoiou decididamente as nosas loitas, entre elas, a loita pola supresión da Cota Empresarial da Seguridade Social Agraria. O Manuel tamén estivo en Lán-cara no ano 93, cando celebramos o fin da Cota Empresarial.

Grazas Manuel polo teu compromiso, polo teu apoio e grazas, especialmente, por todo o que me ensinaches.

Diz Guedes dimite en medio da peor crise política do PP en Galiza

A renuncia demostra o escaso interese do ex conselleiro polas problemáticas dos labregos e labregas

Na tarde do 8 de setembro, Juan Miguel Diz Guedes anunciaba a súa dimisión, esixida en innumerables ocasións polo SLG. Producíase así o cese dun Conselleiro de Política Agroalimentaria que será lembrado pola súa ineficacia e incapacidade para o diálogo. Con el, o agro galego seguiu o imparable proceso de desestructuración e desmantelamento aos que veu sendo sometido dende a nosa entrada na Unión Europea. O seu substituto, Xosé Antonio Santiso Miramontes, se quere, non terá que esforzarse moito para facelo mellor.

As loitas intestinas no interior do PP para ver quen se facía co poder diante da dúbida de se Fraga se volvía presentar ou non, saldáronse coa dimisión de Diz Guedes e a continuidade do político máis senil e avellentado do Estado Español como candidato á Presidencia da Xunta de Galiza.

Segundo a versión oficial, Diz Guedes renunciou "por motivos persoais", escusa que o Sindicato Labrego non chegou a crer, pois foi anunciada xusto cando Fraga estaba falando de remodelar o Goberno. Fose cal for o motivo da súa renuncia -varios medios de comunicación apuntaron a que ambicionaba outra consellería- Diz Guedes expresou coa súa marcha o seu desinterese manifesto polo presente e futuro dos labregos e labregas.

Producíase así unha dimisión que o Sindicato Labrego Galego xa reclamara en varias ocasións pola súa incapacidade manifesta como Conselleiro. Diz Guedes amosouse sempre incapaz para o diálogo coas organizacións agrarias e non foi quen de dar respos-

ta, dende a súa área de goberno, aos problemas cada vez máis graves que ten o agro e o mundo rural galego.

Ante o nomeamento do novo Conselleiro, o que fóra alcalde de Abegondo, Xosé Antonio Santiso Miramontes, o SLG pediu a convocatoria urxente dos sindicatos agrarios para pórse de acordo na posta en marcha de medidas urxentes para frear o peche masivo de explotacións e elaborar un Plan Galego de Política Agraria que revitalice os sectores productivos e devolva ao noso medio rural a vida que as políticas agrarias aplicadas nos últimos anos lle foron arrebatando.

Diz Guedes exercía o cargo de Conselleiro de Política Agroalimentaria dende que substituíu, en xaneiro de 2001, a Castor Gago en plena crise das vacas tolas. Antes fora de Delegado do Goberno durante o primeiro mandato de Aznar, entre 1996 e 2000, cargo polo que será lembrado a causa da utilización brutal e represora que fixo das forzas de seguridade do Estado en Galiza.



Lidia Senra fíxolle saber a Santiso Miramontes que sen diálogo non pode haber solucións

O SLG, o primeiro en falar con Santiso

O SLG foi a primeira organización que tivo un encontro co novo Conselleiro de Política Agroalimentaria. A súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, reuniuse con Santiso Miramontes o 23 de setembro.

Senra explicou que a xuntanza serviu para ter unha primeira toma de contacto, e nela o Conselleiro manifestou a súa disposición para o diálogo. Neste senso, a Secretaria Xeral do SLG considerou que a articulación de vías de diálogo estables entre Política Agroalimentaria e as organizacións que representan aos labregos e

labregas de Galiza é unha das medidas máis necesarias que se debe adoptar, pois en caso contrario é moi difícil chegar a nada, xa que se non hai maneira de achar boas solucións sen debater e estudar conxuntamente os problemas.

Santiso Miramontes declarou que a prioridade da Consellería que dirixe, a medio e longo prazo, consistirá en frear o abandono rural e o peche de explotacións; obxectivo para o que no SLG "estamos dispostos a facer achegas e a debater medidas para que iso sexa realidade".

As explotacións de vacún de Galiza estanse vendo afectadas, unha vez máis, polos baixos prezos. O problema é grave, pois estamos a falar de máis de 20.000 explotacións que viven directamente da produción cárnica no noso País, sendo esta a principal actividade socioeconómica de algunhas comarcas de Galiza.

Habitualmente, o verán é a época na que se acadan os prezos máis altos. Nembargantes, neste ano 2004, durante o período estival, os prezos medios da carne de vacún pagados ó produtor roldaron 3'7 euros por quilo canal, o que supón un valor inferior ao de hai vinte anos.

Como dato indicativo compre subliñar que, no ano 2003, estes prezos roldaron unha media 4'5 euros

A baixada nos prezos do vacún pode provocar dez millóns de perdas a Galiza

por quilo canal. Se facemos cálculos dun ano para outro, as perdas supoñen máis de 10 millóns de euros no conxunto de Galiza.

A día de hoxe, a situación de moitas explotacións cárnicas é insostible por esta crise de prezos, sen que por parte da Administración se tome ningún tipo de medidas.

Evidentemente, estes prezos son baixos para os produtores, pero non para os consumidores, que están pagando o mesmo pola carne que desembolsaban ata o de agora e, en moitos casos, unha cantidade superior. A isto hai que engadir unha

caída no consumo de carne de vacún nos últimos tempos. A crise afecta a todas as explotacións galegas, incluído un importante número das inscritas na Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega".

As causas da crise son múltiples. Por unha banda, temos que facer referencia a que o consumo de carne de vacún non medrou nos últimos tempos, tendendo á baixa no 2004; por outra, o modelo productivo de carácter agroindustrial que se está a promover, favorece unha baixada de prezos. Outro dos factores que influíron dunha forma directa na

caída foron os acordos bilaterais que, como consecuencia do fracaso da Organización Mundial do Comercio, se firmaron entre a Unión Europea e

Mercosur, mediante os cales a Europa está a importar carne a prezos máis baixos e, ao mesmo tempo, boa parte dos países de destino das exportacións cárnicas da Unión Europea son abastecidos por Mercosur.

O SLG demandou da Administración que estableza mecanismos que garantan un prezo mínimo para a carne de vacún que cubra os custos de produción e que asegure un nivel de vida digno para todos os produtores de carne deste país, algo imprescindible de cara evitar a desertización do medio rural.

A pasividade da Xunta deixa totalmente desprotexido ao sector vitivinícola

A pesares da boa colleita, os prezos da uva estáncanse ou can sen que Política Agroalimentaria faga nada

O mes de setembro trouxo canda si un intenso traballo para os responsábeis do Sindicato Labrego no sector do vitivinícola: a elección da Dirección Nacional do Viño do SLG, innumerábeis

accións de tipo sindical e político para coutar os abusos que moitas adegas exercen sobre os colleiteiros forzando prezos de miseria para a uva, ou a denuncia da pasividade da Consellería

de Política Agroalimentaria á hora de resolver estes problemas, foron algunhas das accións nas que o sindicato centrou os seus esforzos. Todo en plena efervescencia da vendima.

O pasado 4 de setembro, a afiliación do SLG elixiu á Dirección Nacional do Viño. O novo responsábel deste órgano directivo será o compañeiro Xurxo Álvarez Pérez, que xa formaba parte da Executiva do SLG e traballa, na actualidade, dúas hectáreas de viñedos en Cenlle (Ourense) con variedades como albariño, torrentés, godello ou treixadura.

Respecto ao traballo sindical do SLG neste sector en setembro, programáronse accións buscando a unidade de acción con outras organizacións agrarias. Esta iniciativa saldouse con dous encontros cos representantes das outras organizacións, no que se evidenciou que tiñamos análises semellantes do problema, polo que se enviaron dous escritos a Política Agroalimentaria urxindo unha reunión co sector.

As cartas aínda non foron contestadas, polo que semella que o novo titular da Consellería, Xosa Antonio Santiso Miramontes, non quere mover nada, seguindo as orientacións tecnocráticas que ten no departamento a semellanza dos anteriores conselleiros. De seguireis así as cousas, o SLG non descarta a posibilidade de iniciar mobilizacións.

Tamén houbo asembleas en todas as comarcas cos consellos comarcais, e remitíronse varios comunicados de prensa aos medios de comunicación para denunciar a falta de espazo para diálogo e o encontro interprofesional. Respecto disto último, houbo rodas de prensa en Barrantes (Ribadumia) e Verín, demandando actuacións e acordos fronte á actitude totalmente carente de ética nas Rías Baixas, ou de algunha adega de Monterrei impondo prezos baixos.



Xurxo Álvarez, lendo xunto ao micrófono, é o novo responsábel da Dirección Nacional do Viño

Na banda dos acontecementos positivos, constatouse que o contrato de compra venda de uvas feito coa empresa Adegas Galegas probou a súa eficacia nestes tempos duros, aínda que al-

gún afiliado do SLG tivo problemas de calidade nas partidas.

No eido da política local, o SLG demandou unha reunión con alcaldes da bisbarra do Ribeiro á que asistiron os

representantes de Cenlle e Ribadavia; ademais, aprobáronse mocións demandando diálogo coa Consellería de Política Agroalimentaria en varios concellos da comarca.

Rías Baixas: seis millóns de litros parados e caída do 30% nos prezos

O 2004 está a ser un ano especialmente complicado no sector vitivinícola, xa que aos problemas de campañas anteriores -falta de mínimos marcos interprofesionais, aínda que só valesen para a establecer o diálogo-, hai que engadir o feito de que neste ano sufriuse unha forte seca ata comezos de agosto que condicionou, en grande medida, a calidade global das colleitas.

As choivas, sendo necesarias, foron algo serodias, e o bo tempo a partires do 14 de setembro salvou unha vendima que corría o risco de presentar problemas de podremia, excesiva

acidez e pouco grado.

En Rías Baixas o aumento foi forte, pasándose dos 16 millóns de quilos recoillidos no 2003 a preto de 24 millóns neste ano. A pesares da boa colleita, o problema está asegurado se temos en conta que cinco millóns de litros de viño fican na adega sen embotellar xunto a outro millón embotellado sen vender.

En xeral, houbo aumentos en todas as zonas. Pode que este incremento da produción se debese a que a benigna situación da primavera, con ausencia de fríos e choivas, aumentase a fertilidade das xemas

nese período crítico.

A inexistencia de canles de diálogo coa Administración no que respecta ás condicións económicas dos intercambios na vendima rematou por provocar unha baixada media dun 30% da uva albariña en Rías Baixas, un conxelamento do prezo á baixa nas variedades brancas no Ribeiro -con adegas que anunciaban valores entre 15 e 30 céntimos-, problemas co godello en Valdeorras, certa estabilidade en Ribeira Sacra e Valdeorras coa mencia, e catástrofe estrutural en Monterrei por non haber adegas que recollan a uva.

Problemas estruturais en Monterrei e matute no Ribeiro

Nas distintas denominacións de orixe dos viños galegos operan especificidades que hai que ter en conta.

Por exemplo, no **Ribeiro** hai unha cooperativa que compra entre socios e provedores a metade da uva do Ribeiro, entre a que o 60% é jerez, unha variedade autorizada con evidentes limitacións para a calidade. No Ribeiro aínda existen as adegas *matuteiras* que compran nas condicións que lle veñen ben sen dar referencia de prezo ata un ano vencido, e non hai unha mensaxe clara para potenciar a reestruturación varietal de forma decidida.

Rías Baixas, dende hai un tempo, xa superou o límite lóxico dos mercados para absorber o ritmo das crecentes producións.

En **Valdeorras** hai problemas de futuro nas cooperativas, que operan con máis da metade da uva, xa que a xente maior non reestrutura no ritmo debido para retirar uvas como Alicante ou Jerez.

A proliferación de pequenas adegas mantén un equilibrio en febles condicións na **Ribeira Sacra**; fenómenos como o Grupo Arnoia ou Horacio poden desequilibrar o panorama.

Monterrei precisa dunha análise aparte por ser unha comarca onde non se constituíron estruturas comerciais acordadas cos tempos imperantes. Aínda se vende máis do 55% da produción en granel case clandestino con prezos totalmente caídos dende hai anos.

Galiza chora a Manuel María

O 8 de setembro faleceu un dos nosos máis egregios poetas que deu voz propia á Galiza labrega

O mes de setembro comezou cunha triste nova para Galiza: a morte do poeta e compañeiro Manuel María. O seu pasamento aconteceu o día 8, na cidade da Coruña, cando estaba a

piques de cumprir os 75 anos, e con el fôisenos un egrexio activista político e cultural que cantou con orgullo as súas orixes labregas na Terra Cha luscense. Agora, o seu corpo descansará

nunha eterna aperta coa terra da Carballeira de Santa Sabela; e a súa alma farao unida para sempre á do pobo galego. Dende o SLG queremos expresar a nosa máis fonda dor.



Manuel María, xunto a Lidia Senra, na Festa contra a Cota Empresarial que se celebrou en maio de 1993, e na que o poeta apoiou coa súa voz as reivindicacións labregas

A importancia de Manuel María resúmese perfectamente na introducción que fai del Camilo Gómez Torres no capítulo 39 da Historia da Literatura Galega editada por A Nosa Terra. Nel di: "Hai homes que viven unha vida. Algúns, viven moitas vidas. O noso poeta pertence ao segundo grupo: o home, o poeta, o narrador, o dramaturgo, o xornalista, o mestre, o divulgador cultural, o político, o procurador dos tribunais, o editor, o cidadán, o incansábel peregrino dos camiños da Galiza e do mundo... son un a un e todos xuntos Manuel María. Os máis notábeis e significativos acontecementos da vida galega, nos seus ámbitos social, cultural e político, desta segunda metade do século XX poden ser contados desde o miradoiro da súa traxectoria vital".

O devandito parágrafo non esaxera. Nado no seo dunha familia labrega de Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929, Manuel

María deixou tras súa un legado de máis dun milleiro de artigos xornalísticos, máis de trinta ensaios, 14 títulos de narrativa, 23 obras de teatro e 42 libros de poemas. Respecto ao seu com-

promiso político con Galiza, o poeta da Terra Cha axudou a organizar o nacionalismo galego en plena ditadura franquista, o que lle valeu a represión e fortes sancións económicas.

A Galiza labrega cantada por un poeta da Terra Cha

Manuel María sempre levou polo mundo adiante as súas orixes labregas con orgullo. Ese compromiso coas súas raíces resúmese perfectamente nos seguintes versos do seu libro *Poemas da cinza que foi aneiro*: "A Galicia labrega é a miña patria. / Non teño máis bandeira, / nin outra liberdade."

Pero sería na súa obra *Terra Cha*, publicada en 1954, onde todo o cosmos da súa bisbarra natal rebentaría en máis dun cento de poemas que supuxeron un inventario lírico da auténtica Galiza labrega nas súas mil e unha facetas, un canto sincero e sentido aos elementos que conforman o mundo rural: o labradío, os montes, os traballos, as leiras, a sementeira, o millo, as patacas, o centeo, os medeiros, o carreto do pan, as medas, o trigo, o pan, os nabos, o carro, o arado, a herba verde e a herba seca, a xata, o grilo, os cans, o galo, os porcos da ceiba, os capóns, etcétera.

A continuación transcribimos o poema "Labrego", extraído do libro *Os soños na gaiola*, no que Manuel María expresa dun xeito inxel, pero efectivo, o sentimento de ser labrego.

Labrego

(do libro *Os soños na gaiola*)

*Toda a miña xente
de labregos foi,
xunquidos á terra
con xugo de boí.*

*Meu pai é labrego,
tamén meus avós:
¡pasáronse a vida
tripando terrós...!*

*Meu pai é labrego,
labrego naceu,
je labra nos eídos
traballando a treu!*

*Meu pai é labrego,
labrego naceu,
¡Meu pai é labrego
sen terra de seu!*

*Meu pai é labrego,
labreguíño eu son.
¡Pasarei a vida
xunquido ó terrón!*

Case 10.000 incendios nos primeiros oito meses do ano evidenciaron o fracaso na prevención do lume

O Comité en Defensa do Monte Galego contra a nefasta política forestal da Xunta

Diante do desastre ecolóxico provocado pola escalada sen control dos incendios forestais, a mediados de agosto volveuse reunir o Comité en Defensa do Monte Galego, creado en Ourense en

2002, para erguer a voz de alarma e chamar a atención da cidadanía sobre este problema. Dende aquela, sucedéronse accións como a plantación simbólica de carballos en zonas afec-

tadas polo lume, ou as protestas pacíficas no Parlamento. As providenciais choivas de agosto puxeron fin ao desastre ante a pasividade dunha Xunta que deixaba chover sobre mollado.

A primeira das accións levadas a cabo polo Comité en Defensa do Monte Galego foi a publicación dun manifesto baixo o título "Defendamos o monte, apaguemos o lume: ¡O mundo rural galego existe!". A continuación, transcribimos o texto íntegro deste documento, que recolle a esencia das reivindicacións do colectivo

"Cada ano desde que temos memoria repítense as mesmas imaxes cincentas e negras coma sombras, as mesmas cifras temíbeis, as mesmas escusas e desculpas, e as mesmas comparacións que só serven para confortar aos negligentes.

Non son unicamente unha desgraza, tampouco má sorte, menos aínda unha condena que Galiza teña que levar ás súas costas.

Esas imaxes pódense evitar, esas cifras pódense anular, e esas escusas de mal pagador pódense substituír por solucións e políticas coherentes.

Este convencemento é o que nos dá forza hoxe para traballar unidos, para pórnos en acción como cidadáns solidarios para afrontarmos entre todos un problema que é de toda a sociedade.

Acabar coa desfeita periódica do lume que converte cada verán os nosos montes nun territorio catastrófico é traballo de todos. Mais pór os medios, as políticas e as decisións que se precisan é responsabilidade do Goberno.

A ese goberno responsábel dirixímonos mirando cara adiante. Ofrecemos a nosa cooperación para habilitar eses medios. Ofrecemos o noso coñecemento, a nosa experiencia e a nosa imaxinación para deseñar esas novas políticas que conformen unha alternativa ao fracaso das actuais.

Nós somos dos que cre-



RAFA VILLAR

Plantación simbólica dun carballo en Aldea Nova (Ames) nunha zona arrasada polo lume

mos que hai solucións para o drama do lume no noso país e un futuro mellor que substitúa o abandono e descoido dos nosos montes.

A ese goberno responsábel

dirixímonos para pedirlle o debate público e aberto e a deliberación colectiva sen prexuízos e sen partidismos que deben preceder a necesaria e urxente toma de de-

cisións.

Pomos o mellor que temos: compromiso co país e convencemento na existencia de solucións viábeis e ao alcance da nosa man.

O Comité Galego en Defensa do Monte foi creado en Ourense no ano 2002, e fíxose colectivo de incidencia galega no verán do 2003.

Con respecto ao manifesto, foi asinado polas seguintes organizacións: Amigos da Terra, Asociación de Criadores de Ovino e Caprino (OVICA), Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Asociación Profesional de Axentes Forestais de Galiza (APRAFOGA), Bloque Nacionalista Galego (BNG), Confederación Intersindical Galega (CIG), Esquerda Unida-Izquierda Unida (EU-IU), Federación Ecoloxista Galega (FEG), Fundación Xermán Estévez para a Protección da Natureza, Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas (SLG-CCLL), Comisións Obreiras (CCOO), Sociedade Deportiva Sindrán, Terreo Cinexeticamente Ordenado (TECOR) "Os Castros", Unión General de Trabajadores (UGT) e Unión de TECORES de Galiza (UNITEGA).

Tolerancia cero para os incendiarios

Reclamamos tolerancia cero cos incendiarios que prenden lume aos nosos montes valéndose do desinterese e negligencia do goberno na preservación do noso patrimonio natural.

Reclamamos tolerancia cero cos especuladores do lume, que alimentan os incendios coa estupidez e a cobiza que só lles corresponde a eles, mais desde a confianza de quen a día de hoxe se sabe impune para arrepañar os beneficios.

Sabemos ben que o final da indefensión dos nosos montes, fronte a quen lles planta lume movido pola avaricia ou a inconsciencia, nunca será posíbel nin certo sen que remate este abandono insoportábel desde o goberno que deixa indefenso o noso mundo rural sen coidado e sen respecto.

Esiximos acción total e urxente para

defender o medio rural galego. O seu incalculábel valor como parte de nós mesmos e do que é este país, non pode seguir deixado á súa sorte pola apatía e a desgana das políticas pasivas e exclusivamente reactivas duns gobernos que permiten que a malumada devore primeiro a riqueza dos nosos montes e o lume reduza despois a súa vida a cinza, mentres pagamos cada ano máis cara a factura de sufocar tanta incompetencia e falla de previsión.

Demandamos que Galiza deixe de arder porque así debe ser e porque pode ser. Declaramos a Galiza país libre de lumes. Sabemos como logralo. Sen demagogia, sen mentiras e sen propaganda. Os incendios apáganse para sempre con empeño e constancia, con políticas que incidan nas causas estruturais que os provocan, e resti-

tuíndolle ao rural galego o protagonismo e o compromiso que desde hai tempo de máis se lle debe.

Propomos e demandamos do goberno políticas de desenvolvemento rural sostíbel que poñan en valor os nosos montes, que devolvan a xente, a vida, o respecto e o coidado pola terra a tantas partes e territorios do noso país hoxe deixados a ermo, á soidade e á indiferencia; políticas agrarias e de desenvolvemento rural que limpen as décadas de desamparo, deixación e desprezo por parte de gobernos que nin entenden nin saben do seu valor e significado.

Defendamos o monte dos incendios, do abandono e do esquecemento, da mentira e da incompetencia. Apaguemos todos os lumes entre todos e para sempre".

A Xunta reconece o seu fracaso ao presentar medio cento de novas medidas contra o lume

Mentres o Comité Galego en Defensa do Monte denunciaba a ineficacia da Xunta en resolver un problema que se vén repetindo ano tras ano, no Parlamento debatíase a cuestión co Con-

selleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, en medio do trebón. Os partidos da oposición coincidiron en que o plan de cincuenta medidas anunciado con rebumbio por Barreiro

era o recoñecemento explícito do fracaso da súa política forestal. Hoxe, segue sen haber diálogo para afrontar esta problemática e non se cumpriu ningunha das medidas prometidas.

Dende a publicación do manifesto de agosto, o Comité en Defensa dos Montes Galegos realizou numerosas actividades para chamar a atención da opinión pública sobre o desastre dos incendios e denunciar o fracaso da política forestal da Xunta.

Así, o pasado 6 de setembro unha comitiva deste colectivo achegouse ata unha das localidades afectadas polos incendios deste verán: Aldea Nova, en Ames. Alí, coa colaboración da concellería de Medio Ambiente, dirixida polo BNG, procedeuse á recollida dunha caixa de cinzas dun monte carbonizado, e no seu lugar plantáronse dous carballos de xeito simbólico.

Ao día seguinte, e aproveitando o debate sobre o lume forestal que se desenvolveu no Parlamento de Galiza, representantes do Comité en Defensa do Monte Galego que se atopaban nas bancadas, despregaron varios carteis durante a intervención do Conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, coa frase "Non máis incendios". En ambos actos, foi Lidia Senra quen representou ao Sindicato Labrego Galego.

O debate parlamentario sobre os incendios ficou estéril por mor da maioría absoluta do PP, que lle permitiu eludir as súas responsabilidades na desastrosa política forestal e contra os incendios que hai en Galiza.

Así, Barreiro tentou desviar a atención anunciando un plan de cincuenta medidas para mellorar a loita contra o lume. Ante isto, a deputada do BNG, Rosa Darriba, denunciou que a proposta era o recoñecemento implícito de que a política contra o lume do PP fracasara estrepitosamente.



ÁLVARO BALLESTEROS



Dúas imaxes que ilustran o pleno no que se tratou o tema dos incendios: arriba, protesta de membros do Comité Galego en Defensa do Monte, entre eles Lidia Senra; abaixo, Xosé Manuel Barreiro (parte inferior dereita da foto), abandonado polos seus compañeiros do PP (esquerda do hemiciclo), aos que non lles debía interesar o debate, escoita a Rosa Darriba, do BNG.

Na súa intervención, Rosa Darriba afirmou que foron as choivas as que remataron cos incendios masivos que se estaban a producir, e non o bo facer da Xunta, á que acusou de propiciar a desfeita actual coa mala xestión conxunta das consellerías que teñen responsabilidade nesta cuestión: Política Agroalimentaria e Medio Ambiente.

Darriba mostrouse de acor-

do coa tolerancia cero para os incendiarios, pero tamén a pediu para os gobernantes "por seren incapaces de solucionar o problema". O BNG denunciou tamén a carencia de medios na prevención e extinción dos incendios, algo que se traduce en equipamentos inaxeitados, falta de coordinación nas accións, ou excesiva tardanza en acudir aos focos

Outra das razóns apun-

tadas pola deputada nacionalista que explicaría a pésima xestión da Xunta é "a soberbia da política única do PP", por mor da cal en Galiza non existe ningún diálogo nin consenso que agrupe os esforzos das diversas forzas políticas, sindicatos e organizacións implicadas no monte galego nunha comisión permanente que aborde dun xeito efectivo esta problemática.

Galiza soporta 10.000 incendios ao ano, o 45% do Estado Español

Os datos oficiais dos incendios en Galiza, segundo o Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA) e o Ministerio de Medio Ambiente, son estremeceadores:

■ Dende 1988 ata hoxe producíronse máis de 120.000 incendios forestais en Galiza que arrasaron máis de medio millón de hectáreas de monte, das cales 200.000 eran arboradas.

■ Dende 1995, hai unha media de 10.000 incendios ao ano no noso País, o que dá unha media de un incendio por cada dous quilómetros cadrados de superficie, cando a proporción no resto do Estado é dun incendio por cada 25.

■ Galiza ten o 7,7% da superficie forestal española, pero sofre o 45% dos incendios que se provocan no Estado e ten afectada polo lume o 30% da súa superficie.

■ En canto aos datos oficiais do ano 2004, cómpre collelos con cautela, pois foron numerosos os organismos e asociación que revelaron que a Xunta está a dar cifras moi por debaixo da superficie real afectada polo lume:

■ Nos oito primeiros meses do ano 2004 arderon 29.891 hectáreas, das cales 9.653 eran arboradas.

■ O número de incendios neses oito primeiros meses ascendeu a 9.288

■ O 90% dos incendios foron intencionados, e o 30% iniciáronse en superficies arboradas con varios focos a un tempo.

A CPE non quere a Fischer Boel de Comisaria de Agricultura

Pediulle ao Parlamento Europeo que desautorice o seu nomeamento

A Coordinadora Labrega Europea (CPE), da que forma parte o SLG, pediulle ao Parlamento Europeo que desautorice o nomeamento da ministra danesa Mariann Fischer Boel como Comisaria de Agricultura e Desenvolvemento Rural. En caso de que sexa nomeada Comisaria, a CPE pediu que non tivese responsabilidades en asuntos agrarios.

Razóns non lle faltan á CPE, pois a señora Boel é filla de terratenentes, está casada cun home que rexenta unha explotación intensiva e industrial de porcino e sempre aplaudiu o modelo neoliberal do seu predecesor no cargo, Franz Fischler. Con estes antecedentes, xa nos podemos imaxinar a política agraria que vai levar a cabo.

Antes de que o vindeiro 1 de novembro a nova Comisión Europea, presidida polo portugués Durão Barroso, comece a súa andadura durante cinco anos, a CPE terá realizado unha intensa campaña para minar o nomeamento de Mariann Fischer Boel como Comisaria de Agricultura.

As razóns son moitas. A CPE denunciou, entre outras, que Fischer Boel é unha política liberal que está en contra do control dos mercados e da produción, é dicir, que apoia o modelo imperante no que os gobernos se quitan



Mariann Fischer Boel

cionais.

Parece ser que esta postura lle vén de familia a Mariann Fischer Boel. Fill dun terratenente, posúe grandes propiedades rurais en Dinamarca nas que o seu esposo rexenta unha explotación de porcina intensiva e sobredimensionada que é todo un exemplo "da tendencia á americanización da agricultura europea".

Para desgracia da agricultura europea, Fischer Boel está a ser a aspirante a comisaria que máis controversia está erguendo.

do medio e deixan todo ese control en mans das industrias e das grandes distribuidoras e multina-

A danesa posuía a metade dunha industria azucreira

A finais de setembro, descubriuse que Fischer Boel, ademais de todo o devandito, ocultou ao Parlamento Danés que posuía a metade dunha empresa azucreira.

Curiosamente, existe un código ético de conducta que obriga aos membros da Comisión a non ter conflitos de intereses entre o seu cargo e posesións financeiras ou patrimoniais. Fischer Boel salvouse coa artimaña de dicir que a explotación non é propiedade súa, senón do seu marido, e que ela só é dona das terras. No que respecta á empresa azucreira, desfixose das accións hai uns días

6.000 persoas infectadas polo mal das vacas tolas en Gran Bretaña sen sabelo

O Goberno Británico enviou cartas a 6.000 cidadáns, o meirande deles hemofílicos, para advertir-lles da posibilidade de estar infectados pola enfermidade de Creutzfeldt Jakob, equivalente humana do mal das vacas tolas, por mor de recibiren, antes de 1999, transfusións sangue contaminada provinte de doantes que despois padeceron a doenza.

Na carta remitida, infórmaselles de que non poden doar sangue e que deben comunicar a súa situación a doutores e dentistas para evitar a propagación da infección.

Polo de agora, xa morreu un hemofílico por recibir sangue infectado nunha transfusión. Esta nova prodúcese tres meses despois de que un estudio científico revelase a posibilidade de que uns 3.800 británicos poderían estar afectados polo mal das vacas tolas en Gran Bretaña sen sabelo.

Ese mesmo estudio, xa advertía do enorme risco que xeraba esa situación, pois os enfermos, ao descoñecer a súa situación, podían propagar a enfermidade sen sabelo a través de instrumental cirúrxico, transfusións de sangue ou doazón de órganos.

Pola súa banda, o presi-

dente do Consello Xeral de Veterinarios, Juan José Badiola, advertiu sobre a posibilidade de que apareza algún caso humano da enfermidade de Creutzfeldt Jakob nos vindeiros anos en España

España en segundo lugar en casos de EEB

En canto ás estatísticas, os países da Unión Europea confirmaron 527 casos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) entre xaneiro e agosto de 2004, ocupando España o segundo posto, con 84 positivos. Con máis do dobre, 194 casos, o Reino Unido ocupa o primeiro lugar, e Irlanda case iguala ao Estado Español, con 82. Seguen Portugal, con 52; Alemaña; con 41; e Francia, con 38.

Finalmente, e en relación coa EEB, o Ministerio de Agricultura elevará de 24 a 30 meses a idade das reses na que será obrigatoria a realización do test de detección da EEB.

Os argumentos aportados para xustificar este troco tiñan que ver con que "nos últimos anos non se rexistrou en España ningún caso positivo de menos de corenta meses", e que esta medida podería ser un paso previo para unificar a idade a nivel comunitario nos 36 meses

A acumulación masiva de pesticidas ameaza ás comunidades rurais pobres

A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) vén de erguer, unha vez máis, a voz de alarma no tema dos praguicidas. Nesta ocasión, avisa de que se están quedando sen fondos para eliminar as inxentes cantidades de residuos tóxicos procedentes de praguicidas non utilizados ou caducados en Europa do Leste, Asia, Oriente Medio e América Latina.

Para a FAO, a existencia de grandes cantidades de produtos químicos e praguicidas inservíbeis que hai no mundo supoñen un risco cada vez máis grave para a

ciudadanía e para o medio ambiente.


Só en Europa, temos 19.500 toneladas de substancias químicas envellecidas en Ucraína, 10.000 toneladas en Macedonia, 15.000 toneladas en Polonia (dentro da Unión Europea) e 6.600 en Moldavia. En Asia hai 6.000 toneladas -sen contar a China, 10.000 en Oriente Medio e América Latina, e 50.000 en África.

Entre estes praguicidas almacenados atópanse algúns dos máis perigosos como contaminantes orgánicos: aldrín, clordano, DDT, dieldrin, endrin, heptacloro e fosfatos.

As comunidades rurais pobres, máis afectadas

Os praguicidas caducados son restos que ficaron das campañas de control de pragas. Acumuláronse porque unha serie de produtos prohibidos por razóns sanitarias ou ambientais nunca foron retirados ou eliminados. Fican, así, no lugar onde foron almacenados e, de cotío, deteríoráronse contaminando o ambiente e poñendo en perigo a saúde humana.

Frecuentemente, as máis afectadas son as comunidades rurais pobres que incluso poden non decatarse da natureza tóxica das substancias químicas ás que dia-



riamente están expostas. O envelenamento a causa de praguicidas é moi común nos arredores dos sitios onde están almacenados sen control.

A limpeza dunha tonelada de residuos de praguicida

caducado custa máis de 3.000 euros, e o meirande dos países en vías de desenvolvemento que padecen este problema non contan con estruturas seguras para a eliminación de residuos perigosos.

A Lei de Igualdade reconece os dereitos das labregas grazas ao SLG

Varias propostas feitas pola Secretaría da Muller recolléronse no texto legal recentemente aprobado

O pasado 21 de setembro, publicábase no Boletín Oficial do Estado a Lei Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes. Dende a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego

valorouse moi positivamente esta nova, xa que supón o compromiso, por parte dos poderes públicos, de adoptar as medidas necesarias para eliminar os prexuízos e prácticas que fomentan

desigualdade das mulleres. Ademais, a lei incluíu algunha das propostas que o SLG lle presentou á Directora Xeral de Igualdade, Marta González, no encontro do pasado 16 de marzo.

A Secretaría da Muller do SLG amosou a súa ledicia diante deste logro, xa que "os dereitos recollidos en relación coas mulleres do agro débense ó traballo da propia Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, posto que de xeito reiterado elaboramos moitas das propostas que aparecen na Lei e fomos a única organización agraria que participou no estudo elaborado polo Consello Económico e Social sobre a situación socioeconómica da muller galega, estudo que serviu de base para a presente Lei".

Así, no artigo 31 dise, de xeito explícito, que a Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para facilitar ás mulleres o acceso e mantemento da titularidade ou cotitularidade das explotacións agrarias. Esta foi e é, precisamente, unha das loitas históricas da Secretaría da Muller: a necesidade de que as labregas que traballan nas explotacións sen ser titulares, sexan recoñecidas como cotitulares en



O encontro mantido coa Directora Xeral do Servicio Galego de Igualdade obtivo os seus froitos

termos de igualdade. Aínda así, dende a Secretaría da Muller amosaron cautela, pois "neste momento estamos á espera de ver qué medidas concretas se van tomar".

No artigo 30 regúlanse os dereitos das mulleres no de-

seenvolvemento rural: o dereito das mulleres a participar na elaboración, na decisión e na execución de planos e políticas de desenvolvemento rural, o dereito a estar informadas das medidas públicas adoptadas con incidencia nos dereitos e de-

beres das mulleres, o dereito á educación e formación profesional, así como a necesidade de traballar no fomento do cooperativismo e doutros sistemas de autoaxuda agraria coa finalidade de promover a igualdade.

A Lei recolle tamén outras propostas da Secretaría da Muller do SLG

Recóllense, ademais, outras reivindicacións da Secretaría da Muller como o mantemento de planos educativos para a igualdade entre homes e mulleres, proxectos para fomentar a igualdade nos medios de comunicación, a erradicación do emprego sexista da linguaxe e da violencia contra as mulleres, así como a potenciación da igualdade laboral entre homes e mulleres.

Hai un capítulo no que se fala, especificamente, da necesidade de ampliar a dotación de recursos públicos en relación co coidado da infancia e de persoas dependentes, tarefas que recaen de maneira habitual e exclusiva nas mulleres, moitas veces incluso a costa da propia saúde.

En palabras da responsable da Secretaría da Muller, Isabel Vilalba, a publicación desta Lei supón un paso importante no recoñecemento da desigualdade e falta de oportunidades das mulleres, e abre a posibilidade para a realización de políticas que acaben definitivamente con esta problemática. Dende a Secretaría da Muller séguense elaborando propostas nesta dirección, e teñen intención de seguir "con atención" o desenvolvemento dos programas que se realicen, "esperando que esta Lei non quede unicamente nunha declaración de intencións, sen máis efectos".

Un capítulo da Lei recolle dereitos específicos para as mulleres do rural

Capítulo VIII

A participación das mulleres no desenvolvemento rural

■ Artigo 30.- Os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a eliminar a discriminación contra as mulleres en zonas rurais, coa finalidade de asegurar, en condicións de igualdade entre as mulleres e os homes, a súa participación nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable.

2. Para asegurar a participación das mulleres nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable, garántenselles os seguintes dereitos:

a) A participación na elaboración, na decisión e na execución dos plans e das políticas de desenvolvemento rural a través das canles legais establecidas.

b) A información de calquera das medidas públicas adoptadas de desenvolvemento rural con incidencia nos dereitos e deberes das mulleres.

c) A educación e a formación profesional, coa finalidade de aumen-

tar as súas capacidades técnicas no exercicio das súas actividades.

d) O fomento público do cooperativismo e doutros sistemas de autoaxuda agraria coa finalidade de promover a igualdade de acceso das mulleres aos beneficios do desenvolvemento rural.

■ Artigo 31.- Titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias.

A Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para facilitar-lles ás mulleres o acceso e mantemento da titularidade ou cotitularidade das explotacións agrarias.

A DTA elabora un documento con medidas para potenciar a agricultura ecolóxica

Tamén instou ás diversas administracións competentes a prohibir o uso de herbicidas para limpar cunetas

Os membros da Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG (DTA) tiveron unha nova xuntanza o pasado 21 de setembro. Entre outros temas, falaram do desenvolvemento da campaña con-

tra os tratamentos con herbicidas para limpar de maleza as cunetas. Neste senso, a DTA remitiu unha carta ás administracións competentes para que abandonen o uso de químicos neste

tipo de traballos. Agora, a DTA xa está pensando en ampliar esta demanda a outro tipo de contaminacións alleas ante as que se sinten desprotexidas as explotacións labregas.

A carta foi remitida ás consellerías de Medio Ambiente, Política Agroalimentaria, Política Territorial; ás catro deputacións provinciais; á Federación Galega de Municipios (Fegamp); e aos ministerios de Fomento, Agricultura e Medio Ambiente. O texto da misiva foi o seguinte:

"A preocupación pola calidade e seguridade alimentaria, así como polo medio ambiente, é cada vez máis patente na sociedade. Dende o Sindicato Labrego Galego, defendemos unha política agraria ao servizo da cidadanía. Unha política agraria que garanta prezos que cubran os custos e o traballo de produción para os labregos e labregas; unha alimentación para o conxunto da cidadanía en cantidade suficiente, san e segura; e uns modos de produción respectuosos co medio ambiente.

Tamén, dende as administracións públicas, maniféstase cada día unha maior preocupación pola cuestión da calidade e seguridade alimentaria, e tamén polo medio ambiente. Sen embargo, estas preocupacións non acostuman a ser tidas en consideración nas actuacións concretas da propia administración.

Nesta liña, queremos expresar a nosa preocupación polo crecemento do uso inadecuado de herbicidas para o mantemento das beiras e cunetas das estradas. Dita práctica presenta varios problemas para os produtores e produtoras:

- Redución da biodiversidade, xeradora de desequilibrios ecolóxicos que poden favorecer distintas pragas ou enfermidades das plantas e obrigar, pois, á realización de máis tratamentos químicos.



O SLG foi a primeira organización en denunciar a fumigación de cunetas con herbicidas

- Contaminación das augas, en especial das augas de rego que usan as mesmas canles.
- Contaminación por di-

fusión e deriva das parcelas próximas, sen consentimento dos produtores e produtoras.

Estes problemas teñen

unha especial relevancia no caso de explotacións ecolóxicas, dado que impide a realización correcta da produción ecolóxica.

Débese apostar por medios de control mecánicos e non químicos

Fronte ao uso de herbicidas totais, existen alternativas que permiten o mantemento das beiras e cunetas cun impacto ambiental máis reducido. En concreto, pódese empregar a sachadura mecánica mediante fresadoras, ou o mantemento de cuberta vexetal nas cunetas que impida o crecemento das herbas non desexadas (*mulch vivo*).

Despois do exposto, na mesma carta solicitóuselle a cada organismo:

- Que na súa área de competencias ordene o abandono do uso de herbicidas para o mantemento de cunetas e beiras das estradas, e a súa substitución por outros métodos non químicos.

- Que ordene, igualmente na súa área de competencia, o abandono de calquera práctica que poida ser prexudicial para o medio ambiente en xardíns, parques, fincas dependentes da administración, etcétera.



A vida fica totalmente arrasada tralos devastadores efectos dos herbicidas

Un texto para a agricultura galega que deberá mellorar con achegas de todos

Na súa xuntanza, a DTA comezou a traballar na posibilidade de ampliar este tipo de reivindicacións. En particular, falaram doutras contaminacións alleas ás explotacións, como son os tratamentos doutras granxas, os residuos xerados por industrias ou o futuro preocupante que nos agarda coa contaminación causada por transxénicos.

Outro dos traballos que están a desenvolver un grupo de persoas dentro da DTA é a elaboración dun listado de medidas que o SLG deberá propor para potenciar o desenvolvemento da produción ecolóxica.

A estes efectos, estudiáronse varios documentos, revisáronse as conclusións das máis de vinte xornadas de formación sectorial realizadas polo sindicato dende o ano 2001), e se consultou coas persoas que parecían máis implicadas ou coñecedoras do seu sector produtivo.

O resultado desta tarefa foi un documento que agora se vai debater nas comarcas. O informe está dispoñíbel a todas as persoas interesadas en coñecerlo; tamén está aberto ás suxestións que calquera afiliado ou afiliada, sexa do sector ecolóxico ou non, queira achegar para a súa redacción definitiva. As persoas interesadas só terán que achegarse ao seu local do Sindicato Labrego Galego máis cercano para informarse.



**A maior
seguridade
para a súa
explotación**



Top Vacuno Plus

0 seguro das explotacións gandeiras



**Consulta as condicións nos locais do
Sindicato Labrego Galego**



Regulación dos aproveitamentos madeireiros e leñosos en Galiza

Orde do 28 de setembro de 2004 pola que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, en aplicación da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. A continuación, transcríbese unha recensión parcial dos artigos. Para ver o texto completo cómpre consultar o Diario Oficial de Galicia do 8 de outubro de 2004.

Artigo 1º.- Notificacións.

1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos de calquera especie, nos montes privados de xestión privada, que contén cun instrumento de xestión aprobado pola Administración forestal, e que se realicen seguindo as prescricións contidas nel, requirirán, unicamente, a notificación previa á Administración forestal.

2. Mediante resolución motivada, poderá denegarse ou condicionarse a execución dos aproveitamentos nestes montes, nun prazo de quince días, entendéndose aceptado no caso de non emitirse resolución expresa no devandito prazo.

Artigo 2º.- Autorizacións con emisión nun prazo máximo de 15 días.

1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes privados de xestión privada de superficie inferior a 25 ha arboradas, que non contén cun instrumento de xestión aprobado pola Administración forestal, así como calquera actividade ou obra que non implique un cambio de uso e que sexa necesaria para a realización deste aproveitamento, requirirán

autorización previa da Administración forestal.

Artigo 3º.- Autorizacións con emisión nun prazo máximo de 30 días.

1. Os aproveitamentos madeireiros, leñosos, de cortiza e de resinas que se realicen en montes de máis de 25 ha arboradas que non contén cun instrumento de xestión aprobado, así como calquera actividade ou obra que non implique un cambio de uso e que sexa necesaria para a realización do aproveitamento nestes montes, deberán contar cunha autorización da Administración forestal.

Artigo 4º.- Presentación e resolución das solicitudes.

As notificacións e solicitudes sinaladas nos artigos 1º, 2º e 3º presentaranse na correspondente Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente ou en calquera dos órganos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para efectos da súa resolución pola delegación provincial.

Artigo 5º.- Obrigas.

O responsable de realizar a notificación ou de presentar a solicitude das autorizacións previstas nos artigos anteriores será o propietario do monte, salvo que exista unha empresa ou particular que se ocupe da xestión do monte ou grupo deles, caso no que será o xestor, o encargado. O xestor deberá contar cun documento que

acredite esa potestade de xestión.

A empresa encargada de realizar os aproveitamentos tamén poderá realizar a notificación ou solicitar a autorización, sempre que exista unha delegación do propietario e que conte cun documento que acredite esa delegación.

Artigo 6º.-Excepcións.

Os rareos, as cortas de mellora e os tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, non requirirán a notificación nin a autorización prevista nos artigos anteriores.

Artigo 7º.-Uso doméstico.

Con carácter xeral, os aproveitamentos que se destinen a uso doméstico, que en ningún caso poderán superar os 10 m/anuais por propietario, enténdese que non son obxecto de comercialización, e que unicamente requirirán comunicación á Administración forestal, cun mínimo dun día de antelación á realización del. Esta comunicación deberá recoller, como mínimo, a situación do predio e o número de árbores, especie e volume aproximado obxecto do aproveitamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais, para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.- A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Axudas para paliar os danos do lobo sobre o gando

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando.

O gando deberá estar debidamente identificado. En caso de ataque, cómpre dar parte a Medio Ambiente nun prazo de 24 horas no teléfono 906 186 186.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Se está afiliado ao Sindicato Labrego Galego e desexa máis información pode consultar na súa oficina sindical máis achegada.

Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Adiantan o pago da prima láctea ao 16 de outubro

Orde do 22 de setembro de 2004 pola que se adianta a data inicial do prazo para o aboamento das axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo, reguladas na Orde do 23 de abril de 2004.

A orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 23 de abril de 2004, (DOG n° 79, do 26 de abril), estableceu na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa complementaria para a solicitude, tramitación, resolución e pagamento, para o ano 2004, de determinadas axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo.

A Orde do MAPA, do 14 de setembro de 2004 (BOE n° 224, do 16 de setembro), modifica para o ano 2004 determinadas datas e prazos previstos no Real decreto 543/2004, polo que cómpre modificar a Orde do 23 de abril de 2004, adecuándoa ao previsto nesa normativa co adianto da data inicial do pagamento desas axudas directas comunitarias a produtores do sector lácteo.

En consecuencia, de acordo do disposto no artigo 30.I.3 do EAG e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, modificado polo 161/2003, do 13 de febreiro e polo Decreto 141/2004, do 1 de xullo,

DISPOÑO:
Artigo único.- A data inicial do prazo para o pagamento de determinadas axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo, establecida no artigo 13.2º da Orde do 23 de abril de 2004, adiantase ao 16 de outubro de 2004.

O local do SLG en Viana do Bolo permanece aberto dende xuño

Dende o Sindicato Labrego Galego, lémbrese á afiliación que está aberto ao público, dende o pasado mes de xuño, o novo local sindical en Viana do Bolo, na provincia de Ourense, situado nas antigas dependencias do Centro de Saúde.

O calendario de atención

ao público está fixado no primeiro e terceiro martes de cada mes, en horario matinal de 10:30 a 13:30 horas. Se desexan máis informacións sobre os servizos do SLG nesta comarca galega, poden chamar aos teléfonos 630 970 130 ou 629 621 047.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes de Política Agroalimentaria regulan as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas por lucro cesante motivado pola inactividade producida ao decretar o baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponjiiformes bovinas.

A contía destas axudas

variará, nun caso dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos produtivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio de

cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos: do 1 ao 30 de xuño de 2004, do 1 ao 30 de setembro de 2004, e do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005. Máis información, en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Compra - Venda - Troco			
VENTAS		COMPRAS	
Véndese becerras "limusinas" en Vilalba. Chamar ao 609 864 738	Véndese cangos e vigas de madeira, en Abadín (Lugo). Chamar ao 982 178 363, ou ao 616 060 146	Véndese ensiladora 695 CLASS Mega. Cabezal KEMPER. Dobre tracción. Preguntar por Atilano no teléfono 619 301 049	Véndese tanque refrixerador de leite de 2.800 litros, 2 muxidos, frío instantáneo e lavado automático. Chamar ao 608 879 938
Véndese tanque de frío de 2.000 litros, marca ALFA LAVAL, con lavado automático. Chamar ao 666 731 064	Véndese poldro de raza hispano árabe. Chamar ao 982 502 165	Véndese carro de dous eixes de 750 quilos, 2'6x1'6 metros en fibra de vidro. Chamar ao 616 436 039	Véndese tractor EBRO 160 con remolque, ganchos, arados e fresadora. Chamar ao 982 440 618 ou ao 607 640 311
Véndese invernadoiro de 350 metros cadrados e dous túneles. Está montado. A Estrada (Pontevedra) Chamar ao 626 947 266	Véndese rotativa de 1'70 metros de corte. Chamar ao 981 694 024, ou ao 618 283 320	Véndese máquinas de limpar trigo e centeo Un muíño de tractor Un muíño eléctrico. Chamar ao 982 175 132. Preguntar por Manuel.	Véndese xovencas de leite na zona de Pastoriza, por peche de explotación. Chamar ao 608 879 938
Véndese rolos de silo e herba seca en Cospeito. Chamar ao 982 177 004	Véndese autocargador FORT de 22 metros cúbicos. Segadora BCS, encendido electrónico. Ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo. Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado. Chamar ao 659 659 418	Véndese herba seca en rolos ou pacas. Chamar ao 981 691 614; preguntar por Xosé.	Véndese empacadora moderna con encarte. Preguntar por Manuel Ramos no 988 465 562 ou no 988 406 293
Véndese semental de raza cachena de catro anos, en Boimorto. Preguntar por Henrique no teléfono 620 295 920	Véndese 300.000 quilos de millo ensilado de boa calidade. Motores de rego, canóns e tubos de 3" Ensiladora de millo CLASS JAGUAR 25 de suco. Chamar aos teléfonos 988454227 ou 666 396 285	Véndese picadora John Deere S 820 con 2 cabezais para herba e millo. Preguntar por Luís no teléfono 608 587 801	Véndese dúas xovencas de raza frisona con carta e próximas ao parto. Chamar ao 981 788 210
Véndese coche silla para xemelgos; en bo estado, seminovo. Chamar ao 636 506 716		Véndese herba seca de boa calidade (A Pastoriza - Lugo). Chamar ao 982 164 477	Véndese vacas en produción de carne, rubias e cruzadas. Chamar ao 677 461 844

COMPRAS
Mércase
encintadora de rolos.
Chamar ao 665 982 881.
Preguntar por Xosé Lois.

Mércanse
vacas de carne.
Preguntar por Gonzalo no 982 164 022 (de 13.00 a 14.00 horas)

OUTROS
Alúgase
cebadeiro de 150 metros cadrados (28x5) en Touro. Con ou sen traballo. Adaptado a porcino ou bovino.
Chamar ao 616 749 896

Leite ecolóxico
Se estás interesad@ en producir leite ecolóxico, contacta comigo.
Chamar ao 639 512 823

Búscase soci@ ou arréndase
explotación de carne de vacún coas instalacións completas e en plena produción. 250 ferrados de pradería en tres fincas adxacentes, a 5 quilómetros de Lalín.
As persoas interesadas poden chamar ao 677 461 844



Claudio Quintillán, portavoz do Comité en Defensa do Monte Galego

Claudio Quintillán ten o seu espacio de traballo nos montes galegos. Técnico especialista forestal e colaborador da Organización Galega de Comunidades de Montes, nos últimos tempos participou no esforzo colectivo de promover o Comité en Defensa do Monte Galego, iniciativa que agrupa a un bo feixe de organizacións de toda Galiza -entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego- e que, neste ano 2004, tivo que alzar a voz para denunciar o fracaso estrepitoso da política en prevención de incendios da Xunta de Galiza.

“O meirande das causas dos lumes forestais relaciónanse coa desvalorización do agro”

■ ¿Cales pensa que son as causas verdadeiras dos incendios en Galiza?

Valorando en conxunto a política de montes da Xunta, as causas dos lumes forestais veñen, precisamente, da inexistencia dunha política de montes axeitada e dunha política do agro errónea en xeral.

En xeral, existen unhas condicións propicias para o desenvolvemento dos lumes xeradas polo envellecemento da poboación e o abandono do agro. A maiores, tamén hai, nunha porcentaxe pequena, incendios que precisaría de investigación policial. Pero o meirande das causas están relacionadas coa desvalorización do agro. Para aqueles que lle prenden lume ao monte, este espacio carece do máis mínimo valor.

■ E iso cando os montes teñen un enorme potencial.

Si, pero pensemos, por exemplo, na produción de madeira: agora mesmo o monte só conta para abastecer ás industrias de pasta de papel. Mesmo os serra-



Para Quintillán, a Xunta non fai nada por atallar as auténticas causas dos incendios forestais

doiros e fábricas de mobles están pasando unha época de apuro dada a carencia de materiais de calidade en Galiza, polo que se vén na obriga de importar madeira de calidade. E iso sen falar dos múltiples usos que pode ter o monte.

■ ¿Cales son eses usos?

Temos usos produtivos, so-

ciais e ecolóxicos. A pesares desta división, calquera destes usos é susceptible de ser un xerador de riqueza no medio rural. Dentro dos usos produtivos, temos a explotación de madeiras de calidade, cogomelos, castañas e outros froitos silvestres, plantas medicinais, caza menor e maior, etcétera.

Respecto dos usos sociais, hai que falar do turismo rural, do sendeirismo, dos deportes de aire libre. E aínda quedarían os usos ecolóxicos. O que está claro é que non podemos desligar uns usos doutros. Todos deben ir xuntos. Pero todo isto cómpre deseñalo, non se pode deixar ao azar.

“Para ir ao fondo da cuestión dos lumes hai que enfrontarse á PAC e a Madrid”

■ Por que Galiza está á cabeza en incendios forestais cando somos unha das comunidades que máis invisten en combater o lume?

Temos unha media de 12.000 lumes por ano e investimentos de 8.000 millóns de pesetas. Isto é así porque a Xunta aplica só medidas de contención do lume. A súa prevención consiste en construír pistas, cortalumes, depósitos de auga, etcétera. Pero, ¿que prevención é esa se as causas seguen existindo? Se non eliminamos as causas, a política da Xunta só serve para que os incendios non sexan moi grandes, sempre que non haxa circunstancias climáticas adversas.

¿Por que non se vai, daquela, ao fondo da cuestión? Pois porque iso significaría ter que enfrontarse aos desenhos da Política Agraria Común (PAC) ou ás políticas de Madrid, que a Galiza marxinárona, castigárona, e forzárona a ser o que é.

■ ¿Que obxectivos ten, neste intre, o Comité?

É necesario facer un chamamento. Se queremos que isto se solucione, o rural non pode estar por máis tempo desligado do mundo urbano. Por iso dende o Comité estamos acudindo ás comarcas a difundir o noso proxecto. As persoas que consume produtos do agro deberían pensar na capacidade que temos para producir sen ter que importar. Somos un país que podería ser autosuficiente en materia agrícola e gandeira e, pola contra, traemos produtos de fóra que, por riba, son de mala calidade. A loita contra o lume comeza tomando conciencia de que o mundo rural desaparece, de que o monte está abandonado.

“Débese facer unha ordenación do territorio e definir os usos e utilidades do solo”

■ ¿Cales pensa que deberían ser os eixes dunha correcta política contra incendios no noso país?

O primeiro que se debe facer é ordenar o territorio. En segundo lugar, e dentro da ordenación do territorio, o espacio agrario e o monte deben estar incluídos nesa ordenación, sobre todo se temos en conta que dous tercios de Galiza son monte. Terceiro, debemos definir os usos e utilidades do solo, tendo en conta a configuración comarcal do territorio e os niveis de poboación. Neste senso, hai que facer unha análise fonda das zonas máis despoboadas e deprimidas e procurar ligar os usos dese territorio ao desenvolvemento do lugar. Para facer isto, deberíamos ter en conta as características propias de cada comarca.

O seguinte paso sería a información e a formación. Este é un tema san-

grante, pois levamos moitos anos utilizando fondos europeos para esta fin, e hoxe podemos concluír que o meirande dos cartos foron dilapidados, pois as campañas non valen de nada se as persoas non asumen que o monte ten valor.

■ ¿E que pasa coa formación?

Galiza conta cunha grande cantidade de centros de formación agraria, forestal e medioambiental, pero non inflúe á hora de atallar as causas do lume, pois iso non vai acompañado dunha ordenación do territorio, nin da definición dos usos do solo, nin de plans comarcais para desenvolver esas políticas.

Neste senso, a rede formada por Política Agroalimentaria, coas axencias de extensión agraria, e por Medio Ambiente cos distritos ambientais, non funciona, pois carece de obxec-

tivos e de medios, e os funcionarios deben obedecer a unha política determinada que, nestes intre, non existe.

■ ¿Correspóndense as cifras oficiais do lume coa verdadeira superficie queimada?

A Xunta leva catorce anos co Plan de Incendios Forestais de Galiza (Infoga) sostendo que se temos o mesmo número de lumes, pero diminúe a superficie queimada, iso quere dicir que as cousas se están a facer ben.

Nembargantes, cando os lumes son desproporcionados por mor de condicións climáticas adversas, as cifras redúcense ou se disimulan, como teñen demostrado as medicións feitas polo Comité. Un dos xeitos de facelo é medindo a superficie sobre plano sen ter en conta os desniveis de terreo, o que sempre aporta datos inferiores aos reais.